



Nota de Prensa

ANPE GALICIA REÚNESE CO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN

Os Presidentes Nacional e Autonómico e membros da executiva de ANPE Galicia reúnense cos responsables da Consellería para esixir melloras nas condicións de traballo do profesorado galego

Este mércores 19 de xuño o presidente nacional de ANPE, Francisco Venzalá, acompañado do presidente autonómico e outros membros da executiva de ANPE Galicia mantiveron unha xuntanza co Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e F.P, Don Román Rodríguez González na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

Dita reunión tivo lugar logo de que fose solicitada no mes de maio polo responsable de ANPE Galicia tras a reelección de Román Rodríguez no cargo á fronte da Consellería para darlle traslado das principais reivindicacións da organización ANPE.

Durante o transcurso de dita xuntanza os responsables do sindicato educativo en Galicia tivemos a oportunidade de conversar sobre a situación actual do ensino público na nosa Comunidade Autónoma e de presentarlle aos representantes da administración educativa galega as principais campañas que levaremos a cabo durante os próximos anos para loitar pola mellora da calidade do ensino público e dos seus traballadores e traballadoras.

Deste xeito, desde ANPE Galicia trasladamos ao máximo responsable educativo da Xunta de Galicia as seguintes reivindicacións, entre outras cuestións, que para nós son fundamentais para mellorar a calidade do sistema educativo:

- Aplicación **efectiva e rigorosa** do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia asinado recentemente. A Comisión de seguimento de dito Acordo debe funcionar de xeito que vele polo correcto e rigoroso cumprimento do mesmo.
- Restablecemento do pago dos meses de verán para o profesorado interino que traballe máis de cinco meses e medio ao longo do curso académico, tal e como se recolle no Acordo de Interinos, así como o mantemento de dito acordo asinado por ANPE e outras organizacións sindicais.
- Necesidade de establecemento dunha regulación normativa das materias afíns nos centros educativos galegos.
- Necesidade de potenciar e poñer en valor a realización efectiva da función das titorías de alumnado.
- Necesidade de que o goberno autonómico faga presión ante ao Goberno central do Estado para acadar que todo o profesorado se encadre nun único grupo



Nota de Prensa

funcionarial A1 para deste xeito homoxeneizar os dereitos retributivos e administrativos de todo o colectivo docente.

- Establecemento dunha normativa autonómica que permita a compatibilidade entre o desempeño da función docente e outras actividades remuneradas.
- Implantación e potenciación dun protocolo e plans de saúde mental e laboral tanto do alumnado como do profesorado galegos (e máis agora na etapa post-covid).
- Necesidade de implantar a figura da Enfermería Escolar en todos os centros educativos galegos.

Ademais de dar traslado das nosas principais peticións tamén tivemos ocasión de compartir a nosa preocupación por cuestións que están á orde do día como poden ser a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación ao abuso da temporalidade no emprego público no ámbito estatal ou o desenvolvemento normativo específico tras a publicación dos Reais Decretos de modificación dos títulos de ciclos formativos de Formación Profesional; así como a situación das Ensinanzas Artísticas e o seu profesorado tras a recente aprobación do texto da Lei de Ensinanzas Artísticas Superiores.

Desde ANPE Galicia agardamos que as peticións e reivindicacións trasladadas á Administración nesta xuntanza non caian en saco baleiro e poidan materializarse nos vindeiros anos en aras de acadar unha efectiva mellora da calidade do sistema educativo público galego e dos seus docentes, tarefa pola que desde a nosa organización seguiremos loitando día a día.

É hora de recuperar todos os dereitos sociais, económicos e laborais perdidos durante moitos anos.

Santiago de Compostela, mércores 19 de xuño de 2024.
Secretaría de Comunicación de ANPE Galicia.